



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español			
Código	V01G230V01950			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Pintelos, María José			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José			
Correo-e	mjpintelos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é que o alumnado desenvolva a capacidade de traducir profesionalmente textos científicos e técnicos de diversos xéneros textuais, ámbitos e graos de especialización, en particular na combinación francés-español.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
C14	Dominio de ferramentas informáticas
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico

D9	Razoamento crítico
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e as estruturas léxicas e morfosintácticas propias do discurso científico-técnico.	A1	C4	D2
	A2	C5	D6
	A3	C8	D15
		C18	D22
Desenvolver a capacidade de recoñecer no texto de partida aqueles termos, estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	A3	C4	D2
	A5	C8	D4
		C17	D6
		C18	D7
		C22	D9
		C24	D15
		C27	D16
			D18
			D22
			D23
Fomentar a capacidade de detectar e analizar de forma autónoma e adecuada dificultades traditolóxicas, así como aplicar as estratexias precisas para a súa resolución no marco da tradución dun texto científico-técnico.	A4	C3	D4
	A5	C4	D6
		C8	D7
		C9	D8
		C11	D9
		C14	D14
		C17	D15
		C18	D16
		C22	D18
		C24	
C26			
C27			

Contidos

Tema	
O coñecemento especializado. A ciencia e a técnica	As diferenzas entre coñecemento xeral e coñecemento especializado Diferenza entre ciencia e técnica A clasificación das ciencias proposta pola UNESCO
A comunicación científica e técnica	Características e obxectivos da linguaxe científica e técnica Axentes implicados na situación comunicativa Características do texto xeral, de divulgación e especializado Familiarización co campo temático Terminoloxía e fraseoloxía específicas
A tradución de textos científicos e técnicos	Etapas do proceso tradutor. A documentación para a tradución Principais dificultades da tradución científica e técnica Ferramentas e estratexias para a tradución de textos científicos e técnicos Práctica de tradución de textos científicos e técnicos
O proxecto de tradución	Xestión do proxecto de tradución de textos científicos e técnicos Revisión e corrección de traducións de textos científicos e técnicos
	Os temas non son compartimentos estancos, senón que serán considerados como unidades relacionadas e tratadas tanto cun enfoque teórico como práctico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	5	0	5
Traballos de aula	40	0	40
Resolución de problemas	0	24	24

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	18	20
Traballos e proxectos	0	60	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	As actividades introductorias servirán para facer unha avaliación inicial do alumnado que axudará a determinar cal é a situación de partida na materia con respecto á competencia tradutora dos estudantes, a súa actitude cara á materia e os seus coñecementos previos.
Lección maxistral	Horas adicadas a presentar contidos teóricos da materia.
Traballos de aula	Traballos tutelados, en grupo ou de forma individual, en condicións controladas, ben en forma de exercicios, ben en forma de traducións realizadas na aula ou traducións preparadas con anterioridade e corrixidas na aula. Emulación de encargos reais de tradución científico-técnica.
Resolución de problemas	Os estudantes deben subir ao seu cartafol persoal de FAITIC todas as tarefas que se lles encomenden, sexan exercicios, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou grupais). A profesora fará un seguimento dos cartafoles persoais do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Resolución de problemas	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Os estudantes deben subir a FAITIC todas as tarefas que se lles encomenden, sexan exercicios, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou grupais). A profesora fará un seguimento dos traballos do alumnado.	10	A1 A2 A4 A5	C3 C5 C8 C11 C14 C17 C18 C22 C24 C26 C27	D4 D6 D15 D18
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Na penúltima semana do cuadrimestre os estudantes realizarán na aula unha tradución, do francés ao español, dun texto científico ou técnico breve (sobre 250 palabras). Para o desenvolvemento desta proba permitirase o uso de ordenador e recursos de internet.	20	A1 A2	C3 C4 C5 C8 C17 C18 C22 C27	D2 D4 D7 D9 D16 D18 D22 D23
Traballos e proxectos	Os alumnos realizarán dous traballos de tradución e/ou revisión á maneira de encomendas reais. O primeiro contará un 30% da nota e haberá que entregalo na primeira semana de marzo. O segundo contará un 40% da nota e haberá que entregalo na segunda semana de abril. Os traballos responderán a parámetros específicos, que serán explicados na clase e quedarán, xunto cos prazos, reflectidos en Faitic para a súa consulta por parte do alumnado.	70	A3 A4 A5	C3 C4 C5 C8 C9 C11 C14 C17 C18 C22 C24 C26 C27	D2 D4 D6 D7 D8 D9 D14 D15 D16 D18 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

As metodoloxías descritas no cadro anterior e as porcentaxes asignadas a cada unha delas aplícanse á primeira convocatoria no réxime de avaliación continua. As metodoloxías e porcentaxes correspondentes á avaliación única e á segunda convocatoria de avaliación son as especificadas máis adiante neste mesmo apartado.

PRIMEIRA CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN

Os alumnos deberán deixar constancia por escrito da súa vontade de non acollerse á modalidade de avaliación continua nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre.

Criterios de avaliación empregados no sistema de avaliación continua:

Os alumnos deberán entregar todas as encomendas e tarefas en prazo e forma. Os criterios de avaliación aplicados a cada traballo ou proba explicaranse nas clases e publicaranse en FAITIC para que todo o alumnado matriculado na materia poida acceder a eles.

Para superar a materia será necesario obter, como mínimo, unha cualificación de 4 en cada apartado.

Criterios de avaliación empregados no sistema de avaliación única:

O estudiantado que deixase constancia por escrito a través de FAITIC durante as dúas primeiras semanas do curso da súa vontade de non acollerse ao sistema de avaliación continua, perderá o dereito á avaliación continua, mais terá dereito a realizar un exame na data oficial fixada polo Decanato e que constará das seguintes partes:

1. Parte teórica sobre contidos dados no cuadrimestre (10 %)
2. Parte práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 300 palabras) do francés cara ao español (90 %).

Excepcionalmente, poderá acordarse cos estudantes que non superasen unha parte concreta da materia o mecanismo oportuno para recuperar esa parte na segunda convocatoria de avaliación.

SEGUNDA CONVOCATORIA (XULLO)

Para superar a materia na segunda convocatoria, os estudantes deberán aprobar un exame, que se celebrará na data oficial prevista polo Decanato do centro e que constará das seguintes partes:

1. Parte teórica sobre contidos dados no cuadrimestre (10 %)
2. Parte práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 300 palabras) do francés cara ao español (90 %).

De maneira xeral, en calquera das probas, traballos ou exercicios, obterán a cualificación de suspenso aqueles alumnos que:

- Incumpran as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.
- Incurran en plaxio total ou parcialmente.
- Cometan máis de dúas faltas de ortografía na tradución.
- Introduzan un segmento sen sentido na tradución.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alcina Caudet, A. e S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, Servei de Publicacions de la Universitat, 2002

Belda Medina, J. R., **El lenguaje de la informática e Internet y su traducción**, Publicaciones de la Universidad de Alicante, 2003

Cabré, T. y Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, IULA, 2001

De l'Homme, M.-C., **La terminologie : principes et techniques**, Les Presses de l'Université de Montréal, 2004

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, Ariel, 2001

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, Gredos, 2005

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, Síntesis, 2002

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, Arco/Libros, 2006

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402
